

O mellor botín será a propia viaxe

(A Estrada, 22-5-2013)

Agradezo o convite a presentar **un libro solvente e rigoroso** dun autor serio, profesional e documentado. Un libro que só podería facer quen ten a competencia académica e investigadora de Lema, mais sobre todo a experiencia vivencial da súa comarca natal, da arume da Costa da Morte que eufemisticamente pasa a ser Costa do Solpor. Ou, mellor dito, metaforicamente. Que fermosa imaxe tan cíclica e panteísta para describir a morte.

O problema de que este libro está escrito por unha persoa tan erudita e rigorosa é que **custa distinguir a ficción da realidade**. Mesmo quedemos coa intriga e sentimos a necesidade de preguntar ao autor pola veracidade dalgunhas achegas que descoñecemos ao comprobar que aquelas que si coñecemos, por moi rebuscada que sexa non se lle escapa a quen asina o relato. Vemos que non deixa pasar un anacronismo nin permite estragar a viaxe no tempo con retratos psicolóxicos dos protagonistas feitos desde hoxe e que por presentismo traizoarían a autenticidade da narración.

Temos que dicir que este é un libro de viaxes onde nós quedamos no sitio e son os outros os que nos visitan. Pero é que os galegos sempre estivemos de viaxe aínda que ficamos quedos. Porque o que outros chamaban Fisterre como se fóramos o cu do mundo, resultou ser **unha encrucillada** a que chegaban e pola que pasaban xentes de todo o orbe. Porque o mar non separa, senón ao contrario, durante séculos foi o que comunicaba as persoas de diferentes culturas, as máis das veces de xeito pacífico para intercambiar mercadorías e ideas. E Galiza, eixo ao que chegaban polo sur as culturas mediterráneas desde os tempos dos fenicios, e polo norte dos nosos irmáns celtas, sempre foi unha terra vén comunicada, e da comunicación intercultural fixo que o noso pobo fose colectivamente pouco proclive á conquista, mais ben inclinado á curiosidade e ao respecto de cara as outras culturas.

O lector quedará atrapado pola trama

Que **a ninguén lle meta medo o groso do volume** porque desde as primeiras páxinas **quedará atrapado pola trama**. O escritor tivo compaixón do lector e lonxe de mirar por botar fóra as súas elucubracións que en moitos casos a ninguén importa procurou proporcionar elementos de interese e emoción para facer a lectura lixeira e produtiva. Poderemos matar dous paxaros dun tiro, pasar o tempo, aprender da cultura mariñeira e da historia moderna, tamén da arte, da natureza, e mesmo das linguas que se amosan non como exhibición fachendosa dos coñecementos do narrador senón como chaves para mundos formalizados de xeito diverso a través dun planeta ben rico e variado.. E sobre todo é un libro que dá que pensar. E iso é un ingrediente fundamental nunha obra. Non é por botar as augas cara o meu muíño pero un libro sen **un transfondo filosófico profundo** non é que sexa inútil pero si que perde moito. Un transfondo que podo ser consciente ou inconscientemente tratado polo autor. O lóxico é que un literato simplemente se deixe levar pola sensibilidade do seu espírito inquedo e sirva de canle sen decatarse de preocupacións filosóficas profundas na súa época.

Por deformación profesional eu teño que dicir que **o libro pon o dedo na chaga** dun debate central nestes momentos que é a revisión da modernidade.

Transfondo filosófico: subxectividade cartesiana e empirismo inglés

Esa modernidade tan eurocéntrica e androcéntrica da **subxectividade cartesiana** que tan ben encarnan os piratas protagonistas desta novela. Eses apátridas que se forxan así mesmo a través da súa rapina é a metáfora dunha modernidade que curiosamente naceu no Estado español coa conquista de América e en Portugal coa de África que se estendeu polo continente europeo até que finalmente chegou a súa máxima expresión en Holanda, Bélxica e sobre todo Inglaterra.

Ese concepto de suxeito do **empirismo inglés** que era entendido como unha táboa rasa, como unha folla en branco, na que a experiencia ía imprimindo todo o que el era, en definitiva, un odre baleiro no que as súas conquistas ía enchendo de posesións.

Na antigüidade un era o que era. Na modernidade un pasa a ser o que ten. E o que non ten non é ninguén. Tardarán anos en superarse esa lectura da modernidade, en descubrir que na viaxe a prol do tesouro **o mellor botín será a propia viaxe** máis que o baúl de moedas, e o problema é que unha vez que se conseguiu tomar conciencia diso volveu a esquecerse.

O solpor non é o final

Hai uns días estabamos aquí na Estrada cos das preferentes e subordinadas, compartindo o seu drama humano. Entramos en contacto coa triste realidade dun mundo onde outra volta os piratas que só pensan en arrebatarlle pola forza ou o engano o diñeiro a quen o gañou co seu traballo. Este libro é unha ocasión para lembrar o mundo que pensabamos que deixáramos atrás e que resulta que volvemos ciclicamente a el. Porque debemos ser conscientes de que **o solpor non é o final**. Detrás de cada solpor **hai unha alborada** e de que saibamos de nós, da nosa historia, do que nos aconteceu, dependerá que esteamos a espreita agardando preparados para recibir aos novos corsarios que de seguro volverán. Debemos agradecer moitas cousas a Lema por este libro porque polo seu tamaño achega moito, mais eu quero hoxe centrarme neste aspecto. En poñernos alerta para as abordaxes que nos agardan.

[Texto lido na presentación do MOME da Estrada;
Xoán C. Garrido é profesor de Filosofía de E.S., autor de obras sobre M.García Barros, Castelao e a memoria histórica]